XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO

Dirección Xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo
Área Central, s/n Pol. de Fontiñas
15781 Santiago de Compostela
Teléfono 981 54 19 00 - Fax 981 54 19 27

INFORME SOBRE O ANEXO DE HABITABILIDADE DO PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN, REHABILITACIÓN E REURBANIZACIÓN DE ESPAZOS INTERIORES NO GRUPO 502 DE VPP NAS RÚAS DE: BUEU, MOAÑA, VILAGARCÍA E CAMIÑO DA RAPOSA, NO POLÍGONO DE COIA, EN VIGO, RESPECTO DO CUMPRIMENTO DO DECRETO 29/2010 DO 4 DE MARZO POLO QUE SE APROBAN AS NORMAS DE HABITABILIDADE DE VIVENDAS DE GALICIA.

ANTECEDENTES

1. Con data 31 de xaneiro de 2011 (7 de outubro de 2011 nesta oficina técnica) tivo entrada no rexistro xeral do IGVS, o Plan Especial de Protección, Rehabilitación e Reurbanización de espazos interiores no grupo 502 de vpp ao que se fai referencia no título, no Polígono de Coia, Vigo (documento de aprobación inicial) que incorpora un Anexo de Habitabilidade segundo o artigo 19º do decreto 29/2010, de 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de Galicia.

2. Con data 14 de outubro de 2011 emitiuse un informe no que se reflectían as carencias do anexo de habitabilidade achegado, segundo o decreto 29/2010.

3. O día14 de setembro de 2012 foi solicitado a esta oficina técnica, pola dirección técnica de solo, un novo informe sobre o novo Documento: Anexo de Habitabilidade do Plan Especial de Protección, Rehabilitación e Reurbanización no Grupo de vpp do Polígono de Coia, Vigo, redactado en xullo de 2012.

4. Analizada a nova documentación achegada emítese o seguinte

INFORME

-O concello de Vigo conta cun PXOM, no que se inclúe o ámbito deste Plan Especial na clase de solo urbano consolidado e dentro da ordenanza 8.

-O decreto 29/2010 no seu artigo 19º, regula a posibilidade dos concellos de redactar un documento complementario aos plans especiais de protección (ao mesmo tempo que o plan, ou posteriormente) cando se considere que o cumprimento estrito das normas establecidas neste decreto entra en contradición coa preservación dos valores que xustificaron o establecemento da dita protección.

-O cumprimento das determinacións recollidas nese Anexo de habitabilidade, suporá que se cumpren as condicións mínimas de habitabilidade para a obtención da licenza de obra, sen que sexa preciso cumprir coas determinacións indicadas no decreto 29/2010, agás por remisións do propio anexo aos apartados da normativa de habitabilidade.

-Examinada a documentación achegada, obsérvase o seguinte:

Esta fotocópia é fiel ao seu orixinal.
reprodución do seu orixinal.
Santiago, 10 OCT. 2012
INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO
A XEFA DE SERVIZO DE SOLO RESIDENCIAL
Vanessa Cal Ríos

Dirección Xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo
Área Central, s/n Pol. de Fontiñas
15781 Santiago de Compostela
Teléfono 981 54 19 00 - Fax 981 54 19 27

- O *anexo* ten as súas propias determinacións co obxecto de substituír ao decreto 29/2010 cumprindo unhas condicións mínimas de habitabilidade, á hora de solicitar licenza de obra (artigo 19º), que é o obxecto da redacción do citado documento.

- Inclúese no *anexo* de habitabilidade o limiar mínimo de habitabilidade (LMH) requirido para que as vivendas e edificios alcancen as condicións mínimas de habitabilidade como se esixe no artigo 19º, punto 6, do decreto 29/2010.

- O *anexo* de habitabilidade que se achega conta cunha memoria na que se xustifican as súas determinacións, e a conveniencia de variar os estándares de habitabilidade do decreto 29/2010.

O *anexo* cumpre pois, as esixencias que se regulan no artigo 19º do decreto 29/2010 do 4 de marzo polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia, que se refire á Habitabilidade nos planes especiais de protección, o que se informa aos efectos oportunos.

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2012.

O xefe da Oficina Técnica de Construcións

Alberto Balea Filgueiras

CONFORME COA PROPOSTA.

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2012.

O director xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo

INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO
O DIRECTOR XERAL

Antonio José Boné Pina

Esta fotocopia é fiel e exacta reprodución do seu orixinal.

Santiago, 18 SET. 2012

INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO
A XEFA DO SERVIZO DE SOLO RESIDENCIAL

Vanessa Cal Ríos